

Ramón de Valenzuela Otero

LICENCIADO EN FILOSOFIA Y LETRAS

MONTES DE OCA 2166

CASTELAR (F. C. N. D. F. S.)

26 de Marzal de 1958

Sr.D. Lois Tobío
26 de Marzo 1089
MONTEVIDEO

Querido Tobío:

Está todo arranxado pra cando veñades. Pararedes no Hotel Argentino que está en Carlos Pellegrini e Rivadavia e a estadia vosa e dos nenos correrá por conta do Centro Pontevedrés, cousa da que eles fixeron custión pechada apesares de lle eu ler o anaco da tua carta.

Toda a coleitividade está agardando a tua conferencia. Pedíronme os da Comisión que che preguntara a hora de chegada e o medio de locomoción pra vos ir agardar. Eu prégoche que mo digas con tempo.

Envíoche un programa pra que vexas que o día 12 hai un banquete no que sei (de xeito extraoficial) que seredes convidados de honor e, por elo, discurseador obrigado. Eiquí, cando chega calquera persoalidade de fora, tratan de lle quitar todo o zume.

Mariví e mais eu estamos facendo cálculos pra ver de que vos quede algun tempo que pasar na nosa casa pra falarmos tranquios dunha chea de cousas.

Agardando a tua carta envíoche unha forte aperta

